



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ANUNCIO:

Faise pública a 2º ACTA DO TRIBUNAL do 18.10.2024 CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE TÉCNICO/A DE MUSEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DOS MUSEOS DO CONCELLO DE PONTECESO E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, que no seu literal di:

“

Sendo ás 11:00 horas do día 18 de outubro de 2024, reúnense telemáticamente os membros do tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza de funcionario/a interino/a de técnico/a de Museos, Grupo A, Subgrupo A2, para a execución do programa de carácter temporal “Dinamización dos museos do Concello de Ponteceso” e formación dunha bolsa de emprego

Constitúese nesta data e hora o tribunal nomeado pola resolución de Alcaldía núm. 769/2024 de data 30-09-2024, asistindo:

Presidente: Miguel Piñeiro Souto, secretario do Concello de Carballo.

Secretaria: Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso

Vogais:

M^a Nuria Serrano Téllez, técnica superior de museos no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Ana Vasco del Castillo, técnica media de Museos no Museo de Belas Artes da Coruña

Carlos Collazo Martínez, xefe de Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Carballo

Na primeira acta do tribunal que xulga o proceso selectivo do 11.10.2024 acordouse publicar as notas obtidas polos aspirantes así como a plantexa correxida a fin de que os interesados puideran presentar reclamacións ou alegacións nun prazo de 3 días hábiles dende a súa publicación no tablerio de edictos e páxina web.

Consta certificado de secretaría do 17.10.2024 que no seu literal di:

“Que con data do 11-10-2024 publicouse no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web a 1º acta do tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de funcionario/a interino/a de técnico/a de Museos. Nela outórgábase aos aspirantes un prazo de 3 días hábiles aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións contra a mesma.

Rematado o período de reclamacións, que comprendeu desde o día 12-10-2024 ao 16-10-2024, ambos inclusive, constan presentadas por rexistro as seguintes solicitudes:

Nº	Número de rexistro	Data rexistro	Apelidos e nome	DNI
1	20240000001838	16-10-2024	CASTRO RODRIGUEZ, SONIA M ^a	***9860**



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Respecto das alegacións da interesada o tribunal indica o seguinte:

1º A convocatoria e as bases aprobáronse pola resolución de Alcaldía núm. 390/2024, do 8 de maio de 2024, publicándose no BOP núm. 93 do 14 de maio de 2024, taboleiro da sede electrónica municipal e taboleiro de anuncios do concello e pola resolución núm. 717/2024 do 29-08-2024 , e contra as mesmas non houbo ningunha reclamación ou alegación ou se interpuxo ningún recurso, polo que son firmes.

2º Respecto dos temas que indica a interesada que aluden a normativa derogada, non existe ningunha pregunta de esos temas no examen proposto polo tribunal

3º No que respecta a alegación presentada contra a pregunta 10, que no seu literal di:

“ Segundo a obra publicada polo Ministerio de Cultura en 1996, Normalización Documental de Museos. Elementos para una aplicación informática de Xestión Museográfica, os fondos que integran o sistema documental do museo están constituídos por :

- a) Fondos museográficos, documentais, dixitais e bibliográficos*
- b) Fondos museográficos, documentais e administrativos*
- c) Fondos museográficos, documentais, bibliográficos e arquivísticos*
- d) Fondos museográficos, documentais, bibliográficos e administrativos”*

A interesada alega que esta pregunta non ten que ver co temario do proceso selectivo o que non é correcto. A pregunta ten que ver coa normalización documental de museos e co establecementos de normas para documentar e catalogar que está previsto no temario, en concreto no Tema 35 Normas para a catalogación dos fondos museísticos

Debido a ausencia de normas para a catalogación de museos, o Ministerio de Cultura realizou un estudo de como se realizaba a documentación en diferentes museos de España, concluíndo

que non existían dous museos que realizaran os traballos documentais e de catalogación utilizando os mesmos estándares, terminoloxía, tesauros, etc.

Para solucionar esta cuestión, nomeouse unha Comisión de Normalización Documental de Museos, que traballou entre 1993 y 1996 para redactar unha proposta de organización do sistema documental de museos que puidera ser “normalizado” e adoptado por todos os museos

que así o quixeran.

Unha das primeiras cuestións, foi determinar que tipos de fondos documentais se custodian nun museo establecendo catro tipos: fondos museográficos (os obxectos, as coleccións,) documentais, bibliográficos e administrativos.

Os resultados foron publicados na obra Normalización Documental de Museos. Elementos para una aplicación informática de Xestión Museográfica, e hoxe en día, é unha bibliografía básica para o estudo do sistema documental no museo e para a adopción de criterios e normas de catalogación que sexan comúns para facilitar o posterior intercambio a información.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

4º Respecto da PREGUNTA 18, que establece:

*Cal das seguintes afirmacións **non é correcta** segundo a Lei 5/16, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia respecto da Administración local?*

- a) A administración local cooperará para que as súas competencias se exerzan conforme ao establecido na lei*
- b) Ten a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor do patrimonio cultural de Galicia*
- c) Debe comunicarlle á Xunta de Galicia calquera ameaza ou dano dos bens do patrimonio cultural de Galicia do seu ámbito territorial*
- d) Ten a obriga de exercer as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta lei*

A pregunta forma parte do Tema 19. Competencias e deberes da administración local en materia de patrimonio cultural. Lei 5/16, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, artigos 2.2 e 3.2

A Lei 5/16, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, no seu artigo 3.2. Establece as obrigas da Administración Local en relación aos bens do patrimonio cultural que se localicen no

seu ámbito territorial: polo tanto, non ten a obriga de “protexer, difundir e fomentar o valor do patrimonio cultural de Galicia” contemplado de forma xenérica, na súa totalidade (e na totalidade do territorio de Galicia).

Polo tanto as entidades que integran a Administración local, teñen a obriga de: protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural (art.3.2.a), pero refírese aos bens do patrimonio cultural de Galicia “que se localicen no seu ámbito territorial (art.3.2)”, polo tanto, a obriga se refire so aos bens que se localicen no seu ámbito territorial, no seu territorio. Por isto, a opción b sería a resposta correcta, porque estende a obriga ao patrimonio cultural de Galicia en xeral e non en particular, o localizado no seu ámbito territorial.

5º Respecto da pregunta 24.:

24. Que definición de museo incorpora conceptos como patrimonio material e inmaterial, sustentabilidade e diversidade?

- a) A que recolle o art. 3 da Lei 7/2022, do 17 de febreiro, de Museos e Centros Museísticos de Galicia*
- b) A definición aprobada na 26a Conferencia Xeral do ICOM, celebrada en Praga en agosto de 2022*
- c) A que recolle o art. 111 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia*
- d) A que recolle o art. 59.3 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico Español agosto de 2022.*

O tema 28. Definición e funcións dos museos, non fai referencia a un artigo dunha lei na que se proporciona unha definición determinada, nin menciona ningunha lei no seu enunciado, senón que é un tema xenérico que debe abordar a orixe e evolución da definición do que é un museo e das súas funcións.

Tanto a normativa estatal como as normativas autonómicas de museos, definen museo



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

segundo as definicións recollidas nos Estatutos do Consello Internacional de Museos, ICOM. En Praga, o 24 de agosto de 2022, a Asemblea Xeral Extraordinaria do ICOM aprobou a proposta da nova definición de museo do ICOM coa participación de profesionais e comités de todo o mundo, que é a seguinte:

“Un museo é unha institución sen ánimo de lucro, permanente e ao servizo da sociedade, que investiga, colecciona, conserva, interpreta e exhibe o patrimonio material e inmaterial. Abertos ao público, accesibles e inclusivos, os museos fomentan a diversidade e a sustentabilidade. Coa participación das comunidades, os museos operan e comunican ética e profesionalmente, ofrecendo experiencias variadas para a educación, o goce, a reflexión e o intercambio de coñecementos.”

Esta nova definición está en consonancia con algúns dos principais cambios no papel dos museos, recoñecendo a importancia da inclusión, a participación da comunidade e a sustentabilidade.

Atendendo o anterior , o tribunal, por unanimidade, acorda.

1º Desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas por Sonia María Castro Rogríguez , polos fundamentos antes expostos.

2º Elevar a definitivo o listado de aspirantes que superaron o primeiro exame para a provisión dunha praza de funcionario/a interino/a de técnico/a de Museos, Grupo A, Subgrupo A2, para a execución do programa de carácter temporal “Dinamización dos museos do Concello de Ponteceso” e formación dunha bolsa de emprego, sendo por orde decrecente os seguintes:

FASE OPOSICIÓN			
Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN 1º Exercicio (Cuestionario- Test)
1	EIROA POSE, ANGEL	***2205**	19,5 puntos
2	BRANDARIZ LOPEZ, ADRIAN	***0052**	15,75 puntos
3	CABALEIRO COMESAÑA, PAULA	***1119**	15,75 puntos

3º Convocar aos membros do tribunal e aos aspirantes ao segundo exame que se celebrará o **día xoves, 24 de outubro de 2024, ás 09:30** no salón de plenos do Concello de Ponteceso. Consistirá en redactar unha proposta sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo, relativa á dinamización do espazo en relación ao seu contexto social. A estes efectos a mesma será relativa ao Museo de Arte Contemporánea da Costa da Morte (MACCMO), sito en Corme, do Concello de Ponteceso. E podera versar tanto nas funcións como na programación de actividades dirixidas á dinamización e potenciación deste espazo no contexto do Concello de Ponteceso.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

4º Publicar a acta no taboleiro de edictos do Concello de Ponteceso así como na páxina web.

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 11:30 horas do día 18 de outubro de 2024, redactándose a presente acta, que asinan os membros do tribunal.”

O presidente:

A secretaria:

Miguel Piñeiro Souto

Antía Pena Dorado